

Galicia

O ourensán Rubín Carballo abriu o “Camiño mexicano de Santiago”

Comenzou en México a primeira ruta turística para visitar as capelas e igrexas dedicadas a Santiago”, segundo informa a Secretaría de Turismo (Sector). Os recintos relixiosos localízanse nas cidades de Querétaro, no céntrico estado de Querétaro, en San Miguel de Allende, no estado de Guanajuato, e na Cidade de México. “Coa apertura da sede do camiño mexicano estarase a dar inicio a unha serie de eventos e actividades programadas periódicamente que contemplan accións para a difusión do Camiño México-Compostela, seminarios e festexos parroquiais de Santiago”, subliña o comunicado. Ademais, sumaranse rutas doutras localidades de México que contén con catedrais, igrexas ou capelas dedicadas ao



Rubín Carballo, no centro, durante a inauguración en México.

Apóstolo.

De inicio trabállase en San Miguel de Allende e a Ruta das Indias, unindo á cidade de Querétaro e a súa Catedral de Santiago coa Igrexa de Santiago en Tlatelolco na Cidade de México. Todos estes son lugares inscritos na

lista do Patrimonio Mundial da Unesco. “O obxectivo é enlazar os produtos turísticos de España con México e as súas diversas rutas de igrexas, capelas e catedrais edificadas en nome de Santiago Apóstolo no noso país”, agregou Sector.

Apertura

A cerimonia de apertura do “Camiño mexicano de Santiago” levou a cabo na Igrexa de Santiago Tlatelolco, na Cidade de México. O acto estivo a cargo do ourensán Alejandro Rubín Carballo, chanceler e vicepresidente da Orde

do Camiño Santiago en España e Marianela Pena Romeu, comendadora da Orde de Santiago en México. Santiago é un santo moi venerado en México e con base en datos do Instituto Nacional de Estadística e Xeografía, existen 526 localidades que levan por nome Santiago. “Polo que desde o punto de vista do turismo relixioso e cultural, esta ruta será un produto turístico importante en México”, concluíu a Sector.

Doutra banda a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións convocaron a primeira edición de bolsas e premios de investigación sobre a ruta xacobeá e o fenómeno das peregrinacións. O obxectivo é impulsar o estudo e o coñecemento neste ámbito, o que está previsto no Plan director do Camiño de Santiago, informa Turismo de Galicia nunha nota de prensa. Impulsadas por este organismo, a Universidade de Santiago e a Catedral, haberá tres axudas de 1.500 euros cada unha, pensadas para unha estancia dun mes.

jba
servicios
inmobiliarios
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@gmail.com

**CARNICERÍA
MARIVAN**
abierto
los domingos
C/Faustino Santalices - esquina
Pablo Picasso - Ourense
Tif. 639 58 04 30

**TAPERIA
BRIGOS**
C/Pena do Vado 114 Reza, Ourense
Tif. 988 544 399

f siguenos
Orixe
PUBLICIDADE COMUNICACIÓN
C/Francisco de Moure 20
Ourense
☎ 988 60 70 75
www.orixepublicidade.es

Losca
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos